

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E INDUSTRIA, DA XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE ESTACIÓNS DE SERVIZO E A ENTIDADE FINANCEIRA ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA A MODERNIZACIÓN DAS ESTACIÓNS DE SERVIZO E A IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS PARA A DISPOSICIÓN DE EFECTIVO NAS MESMAS, NOS MUNICIPIOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial da Consellería de Economía e Industria, Margarita Ardao Rodríguez, DECLARA:

Que esta consellería formalizou coa Federación Galega de Estacións de Servizo (FEGAES) e a entidade financeira ABANCA Corporación Bancaria, S.A. o instrumento convencional arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura o 9/07/2025 ata o 31/12/2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: a modernización tecnolóxica das estacións de servizo sitas na Comunidade Autónoma de Galicia, dotándoas de TPVs de última xeración habilitados para facer retiradas de efectivo a clientes de tarxetas de débito emitidas por ABANCA.

Que existe converxencia de intereses entre as partes asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1.- A Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial como órgano superior, ten atribuídas competencias no ámbito da seguridade industrial e máis concretamente nas instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, segundo o recollido no Decreto 140/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da devandita consellería.

Especialmente no ámbito rural, a presenza de estacións de servizo é clave para seguir mantendo servizos á poboación, o que contribúe a manter o seu benestar e, polo tanto, á loita contra a despoboamento rural. De acordo con este obxectivo, a Consellería de Economía e Industria, e no marco das actuacións que a Xunta de Galicia leva a cabo para loitar contra o despoboamento rural, considera necesario garantir a supervivencia das estacións de servizo, para o que é imprescindible que poidan manter un elevado número de servizos que garanta a súa competitividade e o seu futuro. Entre estes servizos, non só se atopan os que actualmente prestan, senón outros innovadores que poden ser de grande utilidade para a poboación.

2.- A FEGAES é unha entidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. Entre os seus fins está promover a unión de forzas empresariais para velar polos



intereses e preocupacións comúns do sector e favorecer o crecemento empresarial dos seus asociados, mellorando o seu posicionamento nun mercado cada día mais competitivo e entre as súas funcións destácase a representación, xestión e defensa dos intereses empresariais das asociacións provinciais e dos seus membros principalmente ante organismos públicos e privados

Son membros de FEGAES as catro asociacións provinciais de estacións de servizo de Galicia, polo que nela están representadas unha parte moi importante das gasoleiras existentes en Galicia. Isto outórgalle a FEGAES un coñecemento do sector e unha capacidade de diálogo e representación no sector das estacións de servizo galegas que non ostenta ningunha outra entidade.

3. ABANCA é unha entidade financeira que mantén e desenvolve unha importante actividade económica en Galicia e está interesada en impulsar un programa que permita o acceso a diñeiro en efectivo en toda Galicia, evitando así parte da exclusión financeira que sofre a nosa rexión. ABANCA está presente, como única entidade financeira con oficinas operativas, en 175 concellos galegos, o que representa aproximadamente o 56 % do total de concellos de Galicia. Conta con máis de 1.100 caixeiros automáticos distribuídos por toda a rexión, máis de 39.000 terminais TPV e 1,5 millóns de tarxetas de débito emitidas. Ademais da súa presenza nestes concellos, ABANCA tamén destaca pola súa cobertura en poboacións máis pequenas, sendo a única entidade con presenza en concellos de menos de 1.000 habitantes e posuíndo o 97,5 % das sucursais en poboacións de menos de 2.000 habitantes. O compromiso de ABANCA coa accesibilidade aos servizos financeiros reflíctese no seu compromiso de manter abertas as súas sucursais nestes concellos e ampliar o seu horario de apertura. En definitiva, ABANCA xoga un papel crucial na inclusión financeira nas zonas rurais de Galicia, actuando como institución líder en numerosos concellos e garantindo o acceso aos servizos esenciais para os seus residentes.

Xustifícase así a imposibilidade de promover a concorrência, nun marco de colaboración que une os eidos de competencias de cadaquén, para conseguir, como xa se sinalou, un fin común de interese público, proporcionando vantaxes e sinerxías derivadas desta colaboración, na que están implicadas actividades que coinciden plenamente coas que veñen desenvolvendo as entidades participantes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital

